



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS MELLORA ENERXÉTICA PARA AUTÓNOMOS E PEMES CON ACTIVIDADE DE COMERCIO, HOSTALERÍA ARTÍSTICO-RECREATIVAS E OUTROS SERVIZOS

O martes día 5 de abril de 2022 saíu publicada no DOG a resolución do 1 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria do procedemento de concesión de subvencións para proxectos de mellora enerxética, dirixido a autónomos e pemes con actividade de comercio, hostalaría, artístico-recreativas e outros servizos (programa Bono enerxía peme), anualidade 2022 .

BENEFICIARIOS

Pequenas e medianas empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos que teñan domicilio social ou centro de traballo en Galicia e cuxa actividade estea incluída entre as seguintes seccións do CNAE 2009:

- Sección G: Comercio ao por maior e ao por menor, divisións da 45 a 47 incluídas.
- Sección I: Hostalería, divisións de 55 a 56 incluídas.
- Sección R: Actividades artísticas, recreativas e de entretemento, divisións da 90 a 93 incluídas.
- Sección S: Outros servizos, solo as divisións 95 e 96.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- **Bono envolvente:** elementos de control solar.
- **Bono iluminación:** renovación de equipos de iluminación interior e/ou exterior, incluídos rótulos e escaparates por outros LED e elementos de control asociados.
- **Bono instalacións eléctricas:** mellora da eficiencia enerxéticas en instalacións eléctricas.
- **Bono equipamento:** cafeteiras, lavavaixelas, lavadoras, secadoras e calquera outro equipo de consumo enerxético sempre que se poida acreditar unha cualificación enerxética B ou superior. O novo deberá ter unha eficiencia enerxética superior e o existente deberá entregarse a un xestor autorizado.
- **Bono climatización:** equipos que permitan reducir el consumo de enerxía das instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria
- **Bono inmótica:** sistemas domóticos e/ou inmóticos que permitan xestionar a enerxía e o gasto enerxético de forma máis eficiente.

A inversión mínima para que a actuación sexa subvencionable debe ser de 1.000 euros, sen incluír o IVA.

CONTÍA DA AXUDA

A contía da subvención será do 80% do coste elexible da actuación. Con carácter xeral establécese unha axuda máxima de 6.000 euros por solicitude.

PRAZO DE SOLICITUDES

As axudas previstas nesta convocatoria poderanse **solicitar dende o día 6 de abril ás 9:00 h ata o 14 de xullo de 2022.**

Para calquera información contactar coa Técnica de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 5 de abril de 2022.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

